

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se adxudican definitivamente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2021/2022 ao persoal docente pertencente ao corpo de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

Mediante Resolución do 16 de xuño de 2021 (Diario Oficial de Galicia n.º 121, do 28 de xuño), convocouse o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2021/2022 entre o persoal docente pertencente ao corpo de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo

Con base no disposto no punto oitavo da dita resolución, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar definitivamente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2021/2022 ao profesorado referido anteriormente que figuran no anexo desta resolución, de acordo coas normas para a adxudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo. Publicar a resolución definitiva do concurso no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> e no Diario Oficial de Galicia.

A adxudicación definitiva terá efectividade o día seguinte ao da súa publicación no dito portal da internet desta consellería, sen prexuízo de que a toma de posesión se efectuará conforme o disposto no artigo 41 da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destinos provisionais

Terceiro. De conformidade co disposto no citado artigo 41 da Orde do 7 de xuño de 2018, o persoal adxudicatario tomará posesión no centro educativo de destino e incorporarse con efectividade económica e administrativa da data fixada para o inicio da impartición efectiva das clases, o 15 de setembro de 2021, agás no suposto de que o nomeamento ou toma de posesión se efectúe con posterioridade.



No caso das comisións de servizo os efectos serán do día 15 de setembro de 2021, sen prexuízo de que as comisións de servizo do profesorado que proceda de fóra da Comunidade Autónoma e do procedente do estranxeiro poderían ter efectividade do 1 de setembro de 2021.

Para o persoal en prácticas e o persoal interino sen nomeamento en vigor, os efectos económicos e administrativos serán do día 15 de setembro de 2021.

Sen prexuízo do previsto nos parágrafos anteriores, para o persoal docente interino que tivera nomeamento en vigor a 15 de setembro de 2021, os efectos da toma de posesión serán do 16 de setembro de 2021.

Cuarto. Os nomeamentos serán remitidos ao seu enderezo de correo electrónico.

Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

INSÍRASE NO DOG

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

